NA ESCOLA

Núm. 100 — La Región — Martes, 19 de novembro de 1991

Recordos da nosa escola

¿Quen non recorda a sua vida como escolar? A escola forma parte da nosa infancia, unha etapa na que imos progresivamente descubrindo o mundo, unha aprendizaxe chea de medo e anguria, pero tamén de ilusión: xogamos e sofrimos indistintamente. Estas vivencias contradictorias tamén as atopamos no paso polo mundo escolar. As alumnas e alumnos de Didáctica, da Facultade de Humanidades de Ourense, pasaron pola experiencia de rememorar aqueles anos da sua vida. Presentamos aquí unha selección dos seus recordos, que se situan entre os anos 50 e os 80. Son moi distintas as valoracións globais que se fan da experiencia escolar. Algunhas persoas gardan recordos positivos de aquela época; sobre todo porque añoramos a nosa infancia e porque na escola fixemos amistades, xogamos, participamos en actividades lúdicas...

"Os anos que pasei no colexio foron a base de todo o que hoxe sei e son. Anque houbo momentos malos, moi malos, tamén houbo outros extraordinarios, como o cariño que recibín de algunhas persoas, e as boas amistades, que ainda hoxe disfruto".

"De aquela época, o que recordo con máis agrado son os concursos entre os grupos e os concursos de verbos organizados pola directora entre nenos e nenas, a festa de Nadal con obras de teatro, cancións, bailes..., e o cuarto de hora antes de entrar no colexio pola tarde, durante o que xogabamos, anque vixilados pola directora".

"En xeral, eu podo decir que tiven a sorte de que sempre me gustou ir ao colexio, e de feito pasábao bastante ben, tanto dentro coma fora de clase, inda que, como é normal, tamén recibín algún que outro castigo que facía que me desen ganas de non voltar".

"A miña vivencia escolar non foi negativa, manteño incluso que foi a etapa mais maravillosa. Fai un ano pasei polo colexio... vin unha ventá aberta... atrevinme a mirar...; de seguida veu a min un cheiro a lápiz, a goma, a pegamento, a ese olor que había alí... Afloraron na miña mente aquelas imaxes tenras, imaxes da miña infancia que se desenvolveron neste centro". "Iniciáronme alí, pouco a pouco e sin que eu me enterase, no amor polos libros, pola leitura de algo. Non os libros de texto, a miudo apagados, sinon a letra impresa que contase algo distinto, sempre novo, agradable".



"En primeiro de E.X.B. gardo un grato recordo da mestra que nos dou clase, a punto de se xubilar. Na sua aula tiña unha especie de supermercado en pequeno, con todo o que mais ou menos se pode encontrar nun supermercado de verdade. Alí xogabamos a compradores e vendedores, tanto as nenas como os nenos".

"En xeral, a experiencia do paso por este anos foi negativa, para min e para a gran mayoría, posto que os alumnos deste centro a única visita que lle voltamos a facer é a que nos obliga a firmar para conseguir o graduado escolar".

"Todas nenas, uniformadas, en fías de a duas, en orde, a modo, en silencio".

"Nunca poderei lembrar de bo agrado o curso de 5.º de E.X.B., no que tíñamos unha profesora-titora que cada vez que non sabías a lección, da asignatura que fora, ridiculizábanos de tal xeito que máis dunha rapaza saía chorando ao baño".

Os primeiros días de escola agradable para min; tiña eu seis anos. A miña nai levoume ao colexio, deixoume alí e ao pouco rato dixenlle á profesora, quizás porque non o estaba pasando moi ben, si me deixaba ir ao servicio, e eu o que fixen foi irme para casa, cousa que enfureceu á miña nai, volvéndome de novo á escola".

Un camiño moi longo

"Así comenzou a miña historia escolar: recordo un camiño moi longo, que conducía dende a casa á escola, da man do neu pai. Entraba, colocábame no meu sitio, que era diante da mesa da mestra. O primeiro que facia-

> "A escola forma parte da nosa infancia, unha etapa na que imos descubrindo progresivamente o mundo, unha aprendizaxe chea de medo e anguria"

Cen números de "Na Escola"



Pero non todas as vivencias foron tan positivas. A escola tamén deixou recordos amargos: humillacións, disciplina, castigos, actividades académicas rutinarias e aburridas, os exames...

"Recordo aqueles rezos interminables ao principio e ao final do día, aquelas copias aburridísimas, aqueles antipáticos mapas cheos de liñas e puntos, aquelas longas contas de multiplicar e dividir, aquela sustancia que lle chamaban leite e que non se podía tragar, aqueles recreos divinos onde nos xuntábamos coas rapazas, aquel servicio ao que podía ir só o mestre, aquel cadro de Franco ollándonos sempre implacablemente, aquela area sobre a que descansaban ás veces os meus dooridos xionllos, aquela vara de cor negra que acariciaba suavemente os nosos traseiros, os ollos de aquela virxe que perseguían cada una das nosas accións. A pesar de todo, eu querialle ben ao meu mestre".

"O que recordo con mais desagrado é: en Matemáticas, a hora de sair ao encerado; en Xeografía, a de sinalar no mapa, e os exames finais na segunda etapa de E.X.B.".

Os mestres

"Aos mestres podo lembralos a case todos. Habiaos que nunca castigaban e os había aos que lles gostaba dar bofetadas, dar coa regra na man, mandar o borrador, facer multitude de copias e moitas máis cousas. Había os típicos mestres que eran vellos e ainda estaban a vivir no antigo réxime, falando cada rato das "excelencias" daquela época, pero nós, como rapaces que eramos, non nos preocupaba a política".

supoñen para as rapazas e rapaces a entrada nun mundo descoñecido. Algúns están desexando ir ao colexio porque escoitan falar del e queren conocelo, ou porque lles parece que así medran máis a presa, porque ir á escola é de nenos "grandes" Outros, en cambio, temen abandonar o ámbito doméstico, tan coñecido e seguro, e viven con sofrimento ese período de adaptación:

"Ainda que xa ahi moitos anos, recordo perfectamente un día 13 de xaneiro cando montei un "número", con rabieta incluida, porque quería ir á escola, influenciada sin duda algunha, pola miña irmá, dous anos maior ca min, que asistía diariamente a clase. A noite anterior non puiden dormir cos nervios. Cando por fin a miña nai me ergueu, puiden ollar que a neve característica dese inverno crudo cubrira todo Ourense. Aquelo, lonxe de me desanimar, deume máis motivos para encamiñarme cara a escola".

"Quizás sexa demasiado forte comenzar decindo que xa o primeiro día de clase non foi moi mos era rezar, de pe; ao rematar a profesora volvíase de costas para se sentar, e eu aproveitaba ese curto espacio de tempo para me escapar e volvía a casa. Isto aconteceu durante algún tempo".

Algo distinto é o comenzo de cada curso escolar.

Compañeiros

"Sintes unhas ganas tolas de coñecer a todos os teus compañeiros, de aula aos teus mestres; sintes a curiosidade de saber como será a tua clase. E, como non, faiche moita ilusión estrenar os teus libros noviños. Tódolos nenos cargados cunha carteira e unha morea de libros, libretas, lapiceiros, pinturas...; en fin, todo o que na carteira podía caber e ainda mais".

"Unha vez que pasan eses primeiros días de alboroto, de novidades, é cando comenzamos a traballar en serio. Entón é cando desexas que veñan as vacacións de Nadal ou o fin de semana para esquecer un pouco todo".

RECORDOS DA NOSA ESCOLA

Entradas e saidas

En xeral, recórdase como algo moi agradable o camiño de ida e volta á escola, a pesar do mal estado en que se atopaba, no caso do medio rural, o traxecto. Cando todo o recorrido se facía a pé, ese tempo tamén se utilizaba en aprender: falábase coa xente, observábase o que acontecía no arredor ou, simplemente, se xogaba.

A creación das concentracións escolares implantou o uso do autobús e o conseguinte distanciamento físico e social entre o fogar, o pobo e a escola. A hora de saida das clases contaba cos mesmos alicientes que o momento da ida, pero tiña, ademais, ao seu favor o final da xornada escolar, a fuxida das tantas veces rutinarias actividades académicas. As situacións concretas de entrada e saida xa reflexan a disciplina escolar: o uso das filas, a golpe de silbatos ou campaniñas.

"A escola distaba do meu pobo uns dous kilómetros; o camiño que os unía resultaba cáseque intransitable, sobre todo no inverno. A pesar de que facía este recorrido, nesas condicións, catro veces ao día, conservo del un grato recordo, xa que, sinceramente, era onde o mellor o pasabamos (colliamos troitas no río, ras nos charcos, niños de paxaros e cos seus ovos faciamos merendas, coleccionabamos volvoretas, grillos, etc.); ademais, ninguén nos vixiaba".

"Eramos todos do mesmo pobo, eramos os mesmos que xogabamos xuntos ao sair da escola, e que compartíamos as tarefas normais da vida no campo. Lembrome que o asistir á escola non supuña para min ningún problema, xa que era unha cousa mais da vida diaria. A escola era unha casa mais do pobo. De volta para casa iamos xogando uns cos outros, ou parabamos a falar con algún vello que nos contaba historias da sua mocidade.

Seis anos

De repente, aos seis anos, atopeime cunha terrible maneira de ir á escola: tiña que ir metido nun autobús, onde era imprescindible ir sentadiño e caladiño, sin apenas nos mover, xa que cada pouco o conductor intimidábanos cunha forte mirada polo espello. Logo, ao chegar ao colexio, era como chegar a unha cárcere: estaba, e ainda está, metido nun barranco no medio dun monte, ás aforas da vila, todo enreixado; desde que se entraba ás 9 ata que se saía ás 5 aquela rexa era infranqueable".

"E logo a outra etapa, cun pequeno cambio. Houbo que madrugar, afacerse ao coche, coñecer nova xente, xantar fora de casa. O tempo iba pasando, tiña nove anos, "o grupo" comenzaba". "Para entrar na clase, o profesor chamábanos cunha campaniña, moi semellante á que tiña o crego na igrexa; ao oir a campaniña, puñámonos todos en filas e entrabamos".



"Entrabamos e saiamos en filas".

"Seguiamos a pasar a tarde e, ao marchar, volviámonos a poñer en filas, saudando: "Usted lo siga bien, hasta mañana".

"O que sempre estaba desexando era sair do colexio para me ir a patinar á praza".

"Pero o mellor de todo era a saída da escola ao rematar a sesión da tarde; xuntabamonos tódolos nenos do pobo e xogabamos ata a noite".

"Dende logo, o mellor da escola eran as vacacións, ainda que a miña nai non parase de repetir: ¡Non vexo o día en que comencen as clases!"

Os locais escolares

Unha parte importante dos recordos sitúase nos elementos físicos da escola: o edificio, coas suas instalacións, o mobiliario e os obxectos escolares.

En canto ao edificio, cabe sinalar preferentemente que en moitas ocasións a escola carecía dun local construido para tal fin; era unha casa alquilada, normalmente en mal estado, que só contaba cun salón para as clases. Posteriormente creáronse en cada zona as coñecidas "escolas unitarias", que, co paso do tempo, foron concentradas nos actuais colexios públicos. Nestes recordos mistúranse todos estes exemplos posibles, así como os edificios das escolas públicas e privadas das zonas urbanas.

"A aula era unha gran sala dunha casa, á que se accedía por unha escaleira exterior. Había duas ventás, que daban ao patio interior da casa. Debaixo había unha adega. O piso era de madeira, cheo de buracos, polos que tirabamos os pizarríns, logo maisd tarde as gomas e os lápices para sair a buscalos, para o que tiñamos que pedir perniso á dona da casa".

"Asistía a clase nunha escola unitaria, moi mal dotada de medios, xa que ésta era o salón comedor da casa do zapateiro do pobo, que a tiña alquilada como escola".

"Esta escola tiña a planta baixa onde ibamos as nenas e a parte alta a onde iban os nenos. Para ir aos servicios, como non os había, utilizabamos o método da xesta, e ben que tratabamos de que non nos vira ninguén".

"O que sempre lembrarei dese colexio é a sensación de pobreza e escuridade que había nel, sobre todo polos pasillos do colexio, que case sempre estaban sin luz algunha".

"O macro-colexio era impresionante, sobre todo si o comparamos coa escola anterior. Nunca tiñamos visto un laboratorio, unha biblioteca ou un ximnástico; unha sala de pretecnoloxía, co material que lle correspondía, ou aquelas instalacións deportivas".

"No que se refire ao entorno, a estructura do colexio e das aulas era bastante boa, tiña ximnástico, capela, salón de actos, sala de filminas e un patio moi grande con columpios".



O mobiliario da nosa escola: mesas e pupitres

A maior parte dos recordos encol do mobiliario escolar centranse nos pupitres e mesas, no encerado, e, sobre todo, nas estufas: a sensación física de frío non se perdeu co paso do tempo. A decoración tamén está presente nestas lembranzas, en especial os obxectos relixiosos e políticos.

"As aulas eran mais ben pequenas; os pupitres non eran todos iguais, sinon que se misturaban os modernos cos outros, nos que ainda tiñan un buraco para o tinteiro. Das paredes colgaban un cristo, unha imaxe da virxe, o cuadro dos reis, un ou varios mapas, segundo o curso, e na primeira etapa de E.X.B. un semáforo de cartón para saber si o baño estaba ocupado ou non".

"A nosa clase era bastante grande e cuns bancos pintados de cor crema, pero vellos, moi vellos. Diante de nós había unha pizarra grandísima, a mesa da mestra e, pegadiño a porta, unha especie de semáforo feito de tela".

"Eu empecei a escola aos catro anos e lembro as mesiñas moi chuliñas, redondas, pintadas de distintos cores, coas suas silliñas tamén pequeniñas, e eu, co meu mandilón, facendo o que me mandaban".

"Dentro da clase había, a un lado, un armario de madeira onde se gardaba material escolar; as paredes estaban adornadas da seguinte maneira: na que os alumnos tiñamos de frente estaba ou ben un crucifixo ou ben un retrato de Franco (Mais tarde o dos monarcas); no resto das paredes solía haber repisas de madeira feitas polos alumnos de sexto en adiante nas clases de pretecnoloxía".

"Os pupitres estaban colocados en filas paralelas, en dirección á cabeceira da clase. A aula tiña una decoración propia da época da dictadura: cuadros de Franco, José Antonio, a Purísima Concepción, o Crucifixo, ..."

"No fondo da escola había unha vella estufa de carbón; as existencias de carbón, para o curso, esgotábanse a principios do mes de decembro, e, a partir dese momento, o combustible (leña), era recollido polos alumnos nas suas horas de recreo, como unha clase práctica de contacto coa natureza".

"As clases era, en xeral, amplias, con pupitres dobles enfocados todos cara o encerado, que ocupaba casi toda unha parede. Tiñan grandes ventanais de cristal." "A escola estaba nun soto con luz natural; quentábase cunha estufa e ésta era das antigas, de leña, por iso a escola en inverno era bastante fría. Lembro que como a mestra era moi friolera, poñia un ladrillo por riba da estufa e cando quecía o levaba á sua mesa, colocábao debaixo e poñía os pés por riba".

"Os pupitres eran de madeira, cunha tapa abatible; pegados ás paredes había bancos alargados onde se sentaban os mais pequenos. Na mesa da profesora estaban petos para os nenos infieis, cun negriño nunha e un chinito na outra".



RECORDOS DA NOSA ESCOLA

O material didáctico

Xunto cos mapas, os materiais didácticos máis recordados eran os libros de texto, as cartillas, as libretas e as pizarras:

"Ao principio comencei a ler nas cartillas, pero másí tarde, cando xa lía de maneira aceptable, pasei a outro libro titulado 'El Parvulito', que traía lecturas variadas. Logo pasei á famosa enciclopedia Alvarez de primeiro grado".

"O libro de texto por excelencia era a enciclopedia Alvarez ou Santiago Rodríguez".

"O material escolar era unha pizarra pequena e os típicos cadernos de Rubio, sobre todo o de cálculo".

Pizarra individual

"Para escribir utilizábase a pizarra individual, tanto para facer letras como para facer números. Os máis grandes escribían nun caderno; para elo utilizaban a pluma co seu palilleiro. A tinta estaba nuns tinteiros, que estaban metidos nuns buracos nos pupitres; eran de cristal ou de porcelana. Para enchelos de tinta a mestra traía de Ourense unhas pastillas que se disolvían en auga; posteriormente escribíase con bolígrafo".

"O cabalete para pintar, as libretas de anillas onde metíamos os traballos, o afila lapiz que había na mesa e estaba fixo para non perdelo, e nós dabámoslle á manivela, a cesta que fixemos con palillos....".



Actividades escolares

A monotonía das actividades escolares está patente en case todos os recordos. Só a etapa de preescolar e as fetsas que se organizaban nos centros escapábanse desa rutina abafante. Pouco máis, se facía que escribir ao dictado, copiar, ler, facer contas, recitar a lección, cantar o mapa ou a tabla de multiplicar, facer as fichas; xunto a estas ofertas estaban os rezos e os cánticos patrióticos.

"As suas clases consistían en preguntar toda a hora e poñer lección para o día seguinte; nunca explicaba ao comentaba algo sobre a lección do día".

A tabla

"De aquí lembro o ter que sair toda clase cara a parede do fondo e ir dando a tabla de multiplicar. Se a sabías, te sentabas, e se non, voltabas á cola".

"Ao entrar na clase o primeiro que faciamos era quedar de pe ata que chegara a profesora, rezabamos un Padre Nuestro e un Ave María; sentabámonos e a profesora comenzaba a preguntar o catecismo".

"Sempre nos facía copiar as leccións enteiras, foran do que foran: Matemáticas, Linguaxe....., xa que o que quería era que escribísemos moi ben. Sempre nos miraba as copias e se as faciamos mal tiñamos que facelas de novo".

"Pola mañá estudiabamos a lección, recitabámola de memoria e escribiámola na libréta cos seus correspondentes debuxiños alusivos o tema do día. Tampouco faltaba a sesión de mapa, que debía ser en días alternos para quenos se nos esqueceran os ríos e montes; cando chegaba a inspectora había que contestar sen titubera, senón caíalle unha reprimenda á pobre da mestra. A tabla de multiplicar como o Pai Noso de cada día. Pola tarde, o dictado, as redaccións e as lecturas de libros manuscritos".

"Polas mañas o entrar, e despois dos consabidos rezos, faciamos a copia e íamos a ler, despois facíamos contas".

Himno nacional

"A clase empezaba cantando o himno nacional ou o cara o sol, perante o que o neo portaba a bandeira, xeralmente un dos maiores; ao acabalo, sacábase ao balcón, onde permanacía colocada todo o día se non chovía. Logo, a mestra pasaba lista e apuntaba as faltas nunha libreta grande, que lle mostraba ao inspector cando éste facía a visita".

"Da EXB recordo as odiosas fichas que tiña que elaborar tódolos días das distintas áreas". "En clase traballabamos bastante cunhas fichas plastificadas que non nos gostaban moito".

O patio do recreo

"Os mellores recordos sempre se sitúan nos tempos "non académicos": as vacacións, o camiño de ida e volta á escola, as actividades extraescolares e, por suposto, o recreo. Deste último, o peor era ter que tomar o famoso leite dos americanos (e tamén aquel queixo tan amarelo), que se repartía entre os escolares a finais dos cincoenta e principio dos sesenta".

"Recordo xogar ao "dame lume" nun mínimo espacio nos días chuviosos. O patio era un espacio sen valados: a escola estaba próxima ao pilón do pobo; lugar "xuntadoiro", amplio e despexado".

"O que máis podo lembrar son os xogos no patio de recreo: polis e cacos, partidos de fútbol; tamén os momentos que pasábamos na sala de xogos que hai preto do colexio, onde gastábamos algunha que outra peseta no futbolín ou noutro tipo de máquinas".

Alto a media maña

"A media mañá facíase un alto para facer o leite en po antes do recreo; para elo había unha cociña de gas pequena e unha pota. Primeiro ian dous nenos á fonte por auga, que se quentaba na pota; logo botávaselle o leite en po e remexiase ata quedar feito; botábase nos vasos de plástico que tiña cada quen e bebiase. Tomado o leite iamos ao recreo, o que faciamos en duas airas frente á escola, nas que había palleiras e cabaceiros. As diversións eran variadas: xogábamos ás bolas, á pelota, á bilarda, ás escondidas...

Ao sair pola tarde iamos á casa da mestra cun cacho de pan, e ela dábanos un cacho de queixo marelo, que viña nunhas latas redondas".

"Nos recreos tomábamos aquel leite en po case vomitivo, e o bon disto era a fogueira que faciamos, así nos quentábamos un pouco".

"O recreo faciámolo nunhas eiras que había perto da escola; alí xogábamos ao tres en raia e ao fútbol.

Cando chovía metíamonos nunha palleira que había, e pasabámolo en grande xogando coas espigas e as pallas.

Outro dos momentos divertidos que tiña esa escola era os sábados pola mañá, xa que tiñamos que ir a clase, pero a Educación Física.

A que nos realizábamos era de tipo militar e faciámola nun prado que está a carón do camposanto".

Comentario final

Quédannos moitos aspetos sen comentar, como a discriminación sexual patente na vida escolar, os castigos, o ensino competitivo, os exames, o paso traumático dende a primaria ao bacharelato e un longo etc. A conclusión da análise destes recordos escolares é unha frase ben ilustrativa: non fagamos coas nosas alumnas e alumnos o que non nos gustou que fixeran con nós.

Recordos escolares de: Beatriz Alvarez, Rosario Antón, Norberto Blanco, Cristina Campello, Rosa Cid, Carmen Díaz, Miguel Angel Díaz, Dolores Fernández, María José Fernández, Manuel Fernández, María del Mar Fernández, Esperanza García, Cristina Gómez, María del Mar Gómez, Alfredo González, Ana Isabel González, Patricia Murias, María Nóvoa, Agustín Parada, Teresa Pérez, Adolfo Pérez, Yolanda Rodríguez, Teresa Sotelo, Rosa Vázquez, Modesto Vázquez, Raquel Valencia.

Coordenadora: Mercedes Suárez.

Ilustracións: Patricia Murias.





□ LIBROS

"Historia de una maestra"

"Historia de una maestra" (Ed. Anagrama), de Josefina R. Aldecoa, é un relato no que a protagonista recorda con gran lucidez a historia da súa vida. Entregada a unha profesión que a leva de pobo en pobo, nunhas condicións case sempre miserabeis, Gabriela vive a súa historia personal sobor do telón de fondo de un periodo decisivo na historia de España, dende os anos vinte ata o comenzo da Guerra Civil.

Coa chegada da República, coas súas promesas de grandes cambios e a súa exaltación de papel dos mestres na grande transformación da sociedade española; a loita contra a iñorancia e o caciquismo; a revolución mineira de outubro; violencia e a brutal rotura familiar; a súa primeira escola en Guinea.... todo elo vai configurando a vida dunha muller testigo e protagonista dunhos feitos que explican parte dos sucesos que viñeron despois.

O sono individual e colectivo, a loita e as renuncias dos que adicaron a súa vida para conquerir despertar a un pobo dormido pasan polas páxinas desta novela.

ANTONIO F. PEREIRA



A Casa das Ciencias en A Coruña

□ Dende a súa creación unha das actividades máis importantes foi a atención ós centros educativos

A Casa das Ciencias foi fundada e financiada polo Concello de A Coruña en 1985. Dende a súa creación unhas das actividades máis importantes foi a da atención ós centros educativos. De martes a venres, durante todo o curso escolar espera a visita de alumnos e alumnas de toda Galicia. Pouco a pouco a visita a Casa das Ciencias vaise convertindo para todos os estudantes nunha obriga ao menos unha vez no periodo da súa formación.

Unha visita a Casa das Ciencias poder ter diferentes plantexamentos, cun carácter máis ou menos didáctico, en función dos obxetivos marcados polos tutores respectivos. De todas maneiras a solicitude de materiais didácticos e a asistencia a algunha xuntanza previa para preparar a visita son de gran utilidade para o seu mellor aproveitamento. Os organizadores esixen como mínmo un tutor por cada 25 alumnos. O personal da Casa das Ciencias colabora antes e durante a visita para que todo vaia en orden.

Dentro das actividades posibles cabe destacar: o recorrido polas catro plantas das que consta o seu edificio, asistir a unha sesión do Planetario e, por último, solicitar algunha proxección dalgún vídeo científico.

Además destes servicios que presta na súa visita pode solicitarse tamén en réximen de préstamo vídeos (hai máis de 700), usar biblioteca especializada en divulgacións científicas e no ensino das ciencias. Tamén existe unha hemeroteca, cursiños e conferencias para o profesorado, sesións de observacións astronómicas, etc...

O recorrido polas catro plantas e polas suas salas é fundamental. Destacan as seccións adicadas a informática, cos máis modernos ordenadores que presentan distintos tipos de programas, un conxunto de módulos experimentais para facer actividaes de exploración e descubrimento sobor do mundo físico, unha "aula viva" na que se conxugan os tradicionáis e novos métodos expositivos para tratar os temas da natureza, e por último unha planta que se adica as exposicións diferentes cada curso escolar.

A sesión do Planetario é o complemento máis importante da visita a Casa das Ciencias. Estas sesións teñen o obxetivo da aprendizaxe dos temas de Astronomía, e inicianse as horas prefixadas e teñen unha hora de duración. Como a súa capacidade é limitada xa que só dispón de 84 plazas é importante facer xa a reserva no momento de programar a visita ao resto do edificio.

A sesión do Planetario está dirixida por un técnico especialista da Casa das Ciencias.

Programas

O programa depende do falado nas reunións previas para preparar a visita,xa que hai moitos factores que poden influir a hora de elexir os cinco programas que existen. Entre os factores máis importantes están a idade dos alumnos e sí e a primeira vez ou non que asisten a unha sesión do Planetario. Os distintos programas son:

- "Introducción a Astronomía".
- "A lúa e as sete estrelas".
- "O día de hoxe".
- "O zodíaco".
- "O sistema solar".

Outra actividade e a proxección de vídeos científicos. A videoteca ten máis de 700 cintas de diferentes temas científicos. Tamén hai cintas sobor de información sobre drogas, sida, temas ecolóxicos, etc...

Debido ao elevado número de solicitudes é importante que os centros que desexen visitar a casa das Ciencias fagan canto antes a súa reserva ben telefónica ao 981-279156 en horario de 10 a 14 horas, ou ben por escrito ao enderezo seguinte: "Casa das Ciencias", Parque de Santa Margarita, C.P. 15005- A Coruña.

Um problema sem resolver

Desde o 3 de agosto de 1991 a Coordenadora de Licenciados e Diplomados de Ourense na Co.Li.Di.Ga. vem sustendo com a Administraçom, tanto "autoanêmica" como do Estado umha luita na que as razóns legitimas, legais e justas que nos defendemos se confrontam e enfrentam aos intereses de certos partidos e sindicatos que querem resolver egoistamente os problemas individuais de algúns, em malefício de outros grupos sociais máis marginados, mas polo que se leva visto mais válidos para a fumçon docente que os primeiros. As mobilizaçons denhem-se feito diante da Conselhería de Educaçon várias vezes, onde fomos recibidos os representantes de toda a Galiza polo Conselheiro quem nos exprimiu a sua postura de apoio non comprometido; também nos temos manifestado diante do Goberno Civil de Ourense onde deixamos constancia das nossas reivindicaçons que chegaron ao Ministerio.

A nossa particuar guerra desde o plano político também passou por uma manifestaçom diante di Parlamento galego com o fin de pedirmos apoio dos grupos parlamentarios, os quais nos receberom mui amávelmente mas apoiando-nos só com palavras e com algumha interpelaçom que de nada serviu; também levamos a cabo um encerramento na sede do reitorado de Santiago.

Por outra banda banda imos mantendo também aberta outra frente de batalha que é legal, tendo sido apresentados senhos recursos perante o tribunal Superior de Justiça de Galiza, os quais estamos esperando a sentença por estes días. Todo isso é o que levamos feito até agora o conseguido foi a apoio de certos sindicatos, partidos, etc.., mais só de forma nominal.

Nestas alturas do mês de novembro á vez que esperamos a resoluçons jurídicas e umha entrevista com o prisidente da Junta, retomamos a acçon com medidas máis fortes dirigidas contra os culpáveis da nossa situaçom. Empeçamos umha nova jeira de mobilizaçons , acçions colectivas e demáis acontecementos para conseguir: a justiça nas oposicions do ensino e a indemnización aos opositores que con notas que acreditan a sua validez.

Co. Li. Di. Ga

GARABULLIÑO



Elaborado por:

Nova Escola Galega

Coordenan este número:

Antonio Fernández

Mercedes Suárez Pazos

Pedro Membiela Iglesias

Humor:

Xoan Manuel Andrade.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.

- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

-Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

plan avanza